

## O OUTRO LADO DA ESPERANZA

**Título orixinal** *Toivon tuolla puolen* **Dirección e guión** Aki Kaurismäki **Ano** 2017  
**Duración** 98 min. **Fotografía** Timo Salminen **Son** Tero Malmberg **Reparto** Kati Outinen, Tommi Korpela, Sakari Kuosmanen, Janne Hyytiäinen, Ilkka Koivula, Kaija Pakarinen, Nuppu Koivu, Tuomari Nurmio, Sherwan Haji **Montaxe** Samu Heikkilä  
**Produtora** Sputnik Oy (Finlandia) **Distribuidora** Golem **Sinopse** Helsinki. Dous destinos crúzanse. Wikhström, de cincuenta anos, decide mudar a súa vida e abrir un restaurante. Khaled é un mozo refuxiado sirio, que chega á capital por accidente. A súa solicitude de asilo é rexeitada pero decide ficar de todos modos. Unha tarde, Wikhström atópao na porta do seu restaurante e, emocionado, decide ofrecerlle a súa axuda **Berlín 2017** (Mellor Director, nomeado a Mellor Filme)

## XUÑO 2017

**Martes 6** *A rapaza do 14 de xullo* | *La fille du 14 juillet*

Antonin Peretjatko, 2013, 88 min., VOSE

**Martes 13** *Aquel querido mes de agosto* | *Aquele querido mês de agosto*

Miguel Gomes, 2008, Portugal, 147 min., VOSE

**TODAS AS SESIÓNS EN VOS, ÁS 20:30 h NO TEATRO PRINCIPAL DE PONTEVEDRA**

O Cineclub Pontevedra é unha asociación sen ánimo de lucro cuxo funcionamento e financiamento depende fundamentalmente das achegas económicas que realizan periodicamente as súas socias e socios.

As persoas socias poden escoller entre tres tipos de cotas:

Anual (60 euros);

Trimestral (18 euros);

Prorrogada en cada sesión (2 euros).

<https://www.facebook.com/cineclubepontevedra>

<http://cineclubepontevedra.blogspot.com.es>



## O OUTRO LADO DA ESPERANZA

AKI KAURISMÄKI, 2017 | 98 min., VOSG

[Filme subtitulado ao galego por NUMAX grazas á colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia]

«NON VEXO OUTRA SOLUCIÓN PARA SAÍR DESTE POZO DE MISERIA QUE MATAR  
ESA MINORÍA QUE POSÚE TODA A RIQUEZA DO MUNDO»

Aki Kaurismäki

### **Que o impulsou a querer dedicarlle unha triloxía ao drama das persoas refuxiadas en Europa?**

Eu nunca me crin moi listo, pero agora, por culpa dos líderes políticos, síntome un idiota. Nacín en Europa e fun educado como europeo, pero hoxe avergóñome. A democracia occidental xa non segue as regras da auténtica democracia. Esquecemos que as persoas refuxiadas son xente que ama e precisa ser amada, que ten unha historia e uns sentimentos, e que sofre. E sofre sobre todo por mor da nosa indiferenza e do trato inhumano que lles damos.

### **Tras situar *Le Havre* (2011) en Francia, no novo filme volveu a Finlandia. Non é mellor alí o trato que se lles dá ás persoas refuxiadas?**

Todo o mundo pensa que os países nórdicos son un paraíso do benestar, e iso son contos. No meu país, actualmente, á inmigración trátaselle coma se fose lixo. Ollo, a xente de a pé é magnífica e esfórzase para axudar, pero o Goberno e mailo funcionariado fan o posible por evitar que entren ou por botalos. Se o meu Goberno segue así penso queimar o meu pasaporte finlandés.

### **Considéraselle a miúdo un director misántropo, pero en realidade o seu cinema está ateigado de humanismo. Como se definiría vostede?**

Parezo un tipo frío, mais son un sentimental. Coido moito dos demais, aínda que de min mesmo non coido nada. Sen solidariedade a nosa vida está oca. Eu cheguei a pensar que os meus filmes poderían mudar o mundo, ou polo menos mudar Europa. Agora confórmome con que muden a tres ou catro persoas. En todo caso, quero crer que a humanidade pode enderezar o seu rumbo a pesar de que ata os cans teñen máis bondade ca nós.

### **De que maneira?**

Non vexo outra solución para saír deste pozo de miseria que matar esa minoría que posúe toda a riqueza do mundo. Hainos que exterminar, aos ricos e aos políticos que lles lamben o cu. Eles leváronnos a esta situación na que os valores humanitarios non valen nada. Se non o facemos, serán eles quen nos maten.

### **Soa vostede apocalíptico.**

Nunca fun tan pesimista como o son agora. Coido que tarde ou cedo rematarei suicidándome. Despois de todo, suicidarse éche algo moi finlandés. O noso problema é que non temos horas abondas de luz solar. Fáltanos vitamina D e iso deprímenos.

### **Nunha ocasión dixo que, mentres fai un filme, a metade do tempo está sobrio e a outra metade borracho. É así?**

É que cando bebo non son quen de escribir, así que durante o proceso de guiión estou sobrio, e durante a montaxe tamén. Pero podoo dirixir e beber á vez, así que cando dirixo, bebo. Pero cada vez menos.

### **A das persoas refuxiadas é a terceira triloxía da súa carreira. Por que ese costume de agrupar o seu cine de tres en tres?**

Porque son un lacazán e preciso facer plans futuros para manter a enerxía. Dito isto, se cadra esta triloxía acaba tendo só dúas películas. Iso non o fixo ninguén antes, non? Sei que isto xa o dixeron no pasado, pero agora vai en serio: é posible que non faga máis filmes. Pasei tempo de máis facendo cine, estou canso. Prefiro pasar os días recollendo cogomelos. Ao fin e ao cabo, os meus filmes son unha merda.

### **Ninguén máis semella compartir esa opinión.**

Como sempre digo, aínda que a frase non é miña, no mundo dos cegos o torto é o rei.

### **Non hai ningún dos seus filmes que lle guste?**

Algúns non me parecen odiosos, pero non fixen ningún que me parece satisfactorio. Se o fixese, retiraría-me xusto despois. Agora xa chego tarde, estou feito unha trapallada física e mentalmente. Aínda así, se dentro de cinco anos sigo vivo, é posible que faga outro filme. Mesmo pode que sexa a comedia máis optimista de toda a miña carreira.